

As
pitas baixo
a
choiva

Adaptación do EDLG do CEIP
San Pedro de Visma

 @edlg.visma



edicións embora





Non. Digades o que queirades, os galos non son agora tan fermosos como nos tempos da miña nenez. Os galos que hoxe vexo son brancos, grises; as cristas, pequeneiras e moradas; as colas, como de galiña, curtas e pequenas. Cando eu era cativo, outros galos nos cantaban.



Eran unhas aves maxestuosas. As crestas vermellas, os ollos acendidos; pescozos de esponxosos plumaxes; fortes ás; esporóns dourados; e a cola con aquelas longas plumas.



Así era o galo máis antigo que lembro. Se vivise agora tería 35 anos de idade. Reinaba no curral daquela casa onde pasábamos o verán.






Meu pai viña os sábados e bicábanos con alegría. Merendábamnos torradas de pan con manteiga e azucre. Tiñamos unha cabra tan agarimosa, que saía connosco e ía detrás de nós, como un cadelión, polas correoiras, cando andábamnos a cazar grilos. Moito quería eu aos animais.





No curral pasaba eu unha grande parte do meu tempo ollando para as galiñas. Vías escaravellar na terra, na procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarexar. Cada ave tiña un nome posto por min.





Un golpe de vento, de súpeto, conmoveu o ar. E unha nube moura esvarou polo ceo e axiña tapouse o sol. A bóveda azul fíxose gris e fría. E a chuvia comezou a caer. Alampou un lóstrego.



Go
9



Recollíanse as pitas pola noite dentro da casa, nun galiñeiro axeitado. Aquel serán, detrás dunha fiestra, eu ollaba chover. E, de súpeto, vin as pitas coas colas baixas, a cabeza afundida, pegadas ao muro, tristeiras, a auga escorregaba por riba delas.





Non o poden aturar. Baixei coma un lóstrego e abrinlles a porta da casa. Pero as galiñas non se moveron. Chameinas en van

- CHURRAAAAAAAAAS!!!! CHURRAAAAAAAAAS!

E saín ao curral.
Mais cando chegaba cabo dunha ave, esta fuxía, e alonxábase cada vez máis. Asi, mollado eu ata non poder máis, púxenme a berrar e chorar con desconsolo.





Na casa foi notada a miña manobra. Meu pai ordeou, desde a fiestra, a miña retirada. O meu pai dicía que as súas plumas eran impermeables, mais isto non o podía eu crer. Seguí correndo detrás das pitas, como tolo.





Entón a miña avósa saíu cun paraugas e pretendeu recollerme. Eu non a oía nin vía, sempre a chorar e a correr tras das aves. Axiña estiveron no curral a miña nai, as criadas, o meu pai e a miña tía. Corría eu tras as pitas. Corrían os paraugas detrás miña. Ata que cambiou a táctica da persecución.






Convencidos de que non regresaría á casa se as galiñas se quedaban fóra, os maiores adicáronse a cazar as aves. Pouco a pouco, mentres a chuvia batía nos paraugas, as galiñas foron caendo nas mans das persoas e foron sendo postas ao abrigo.

Moito nos deu que facer o galo! Por fin, a miña avóa agarrouno pola cola. Mais ao botarse a el, esbarou e caeu, perdeu o paraugas, pero non perdeu o galo.






Só entón, xa libres de chuva os animalíños,
púxenme eu a cuberto, e todos os que interviñeran
na caza.

Mália aos paraugas, estabamos todos mollados
coma pitos.



Esta é unha adaptación da obra “*As pitas baixo a choiva*” de Ricardo Carvalho Calero.

Para a súa elaboración, baseámonos na publicada por Edicións Émbora, ilustrada por Alberto Toral.



Autor: Carvalho Calero, Ricardo

Colección: Fardel dos soños

Formato: 21x21 cm

Edición: 2008

Idioma: galego

Páxinas: 32

Encuadernación: cartóné

ISBN: 978-84-95460-94-3